


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

9 – 10 de maio do 2020

V DOMINGO DE PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
E COA NATUREZA MALTRATADA



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

(tod@s na casa)

Nota: O tema de hoxe vai ser PASCUA NA AUGA VIVA.

Xunto a vela que estes días tiñamos na mesa, mantemos unha Biblia ou uns Evanxeos, e temos un recipiente e unha botella con auga.

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Hoxe aquí, na casa, estamos reunidos no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo. Amén.

Nos tempos que hoxe nos toca vivir cústanos imaxinar cal vai ser o camiño despois do confinamento, cústanos discernir o que é verdade, e cústanos intuír como vai ser a vida nos vindeiros días. Máis escuridades que certezas.

E nesta quinta semana de Pascua Xesús descóbrenos como CAMIÑO, VERDADE E VIDA.

O CAMIÑO da man de Xesús faise na responsabilidade de ser exemplo para os demais cos nosos comportamentos (e a partires do día 11 moito exemplo teremos que dar se non queremos volver atrás). Facer nosa a VERDADE de Xesús é dar esperanza nun Deus Pai-Nai que se fai á nosa beira. E ser VIDA con Cristo é selo na escoita, no diálogo, na tolerancia, no coidado de todo e de todos.

Fartemos as nosas sedes de camiño, verdade e vida, coa AUGA VIVA que nos dá Cristo Resucitado.

🎵 **A auga do Señor**

Monitor/a

No noso camiñar de Pascua, acendemos esta vela na nosa casa, á beira dunha biblia e dunha pouca de auga.

Na Vixilia Pascual enchoupámonos da AUGA VIVA que para nós é Cristo Resucitado. Queremos que El sexa a nosa fonte de todo ben. Moitas son as sedes que con El podemos saciar pois Resucita para enchernos da súa vida, e enchermos nós a terra desa súa vida dende este fogar.

(Acéndense a vela)

Señor Xesús, ti es CAMIÑO, VERDADE E VIDA, que a túa AUGA nos limpe e nos dea esa vida, que nos alente na responsabilidade á hora de sermos homes e mulleres coidadosos coa terra, que manteñamos a esperanza cada día, sentindo que a AUGA que Ti nos dás convértese en fonte que non se esgota e que chega á vida eterna.

🎵 **A auga do Señor**

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración coa oración que xunta as nosas intencións ante o noso Pai Deus. *(silenzo)*

Deus de misericordia, concédenos vivir cada día con maior plenitude o misterio pascual. Ti que nos chamaches a unha vida nova pola AUGA do bautismo,

fai que coa túa axuda a nosa vida sexa fecunda para o mundo e para a nosa eterna felicidade. Pedímoscho por Xesucristo noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a: *Nestes días da Pascua, dende a casa, somos invitados a atopar en Cristo a fonte da AUGA viva, pero son moitos os medos e as incertezas nestes días.*

Escoitaremos na primeira lectura como as primeiras comunidades cristiáns, nos momentos difíciles, dan resposta ás necesidades de todos con prontitude e sen descoidar o coidado das persoas, sobre todo das máis necesitadas. Hoxe, as circunstancias fan que tamén nós teñamos que dar resposta con prontitude e coidado para non perder a ninguén no camiño.

Leccionario I A páx 147

Feit 6, 1-7

LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Por aqueles días, como ía medrando o número dos discípulos, orixinouse un descontento dos helenistas contra os hebreos, porque se desatendía ás viúvas de fala grega no servizo diario. Entón os Doce reuniron a asemblea dos discípulos e dixerón:

-Non está ben que deixemos a palabra de Deus para nos dedicarmos ao servizo das mesas. Polo tanto, irmáns, escollede de entre vós sete homes de bo creto, cheos de Espírito e sabedoría, e poñerémolos para este oficio. Nosoutros continuaremos dedicados a oración e ao servizo da palabra.

A proposta gustou á asemblea, e elixiron a Estevo, home cheo de fe e do Espírito Santo, a Felipe, Prócoro, Nicanor, Timón, Pármenas e Nicolás, prosélito de Antioquía; presentáronllos aos apóstolos, e, despois de orar, impuxéronlles as mans.

A palabra de Deus crecía, e medraba moito o número dos discípulos.

Palabra do Señor

🎵 **No colo da miña nai**

SALMO

(en pé) *Leccionario I A páx 149 Xn 14, 1-12 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos:

- Non vos agoniedes: crede en Deus e mais crede en min. Na casa do meu Pai hai moitas moradas; doutro xeito, teríavos dito que vos ía arranxar un lugar? E cando vaia e vos arranxe un lugar, voltarei e acollereivos comigo, para que, onde estea eu, esteades tamén vós. E a onde eu vou, vós ben sabedes o camiño.

Dille Tomé:

- Señor, se non sabemos onde vas, como imos saber o camiño?.

Xesús respondeulle:

- Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai máis ca por min. Se me coñecerades, coñeceríades tamén a meu Pai; anque xa desde agora o coñecedes e o tedes visto.

Felipe díxolle:

- Señor, móstranos ao Pai e abóndanos.

Xesús replicoulle:

- Pero, Felipe, levo tanto tempo convosco e aínda non me coñeces? Quen me viu a min, viu ao Pai. Como dis entón "móstranos ao Pai"? Non cres que eu estou no Pai e o Pai en min? As palabras que eu vos digo non as falo pola miña conta; é o Pai, que permanece en min, quen fai as súas obras. Crédeme que eu estou no Pai e o Pai en min. Se non, polo menos crede por esas mesmas obras. Con toda verdade volo aseguro: quen cre en min, fará el tamén as obras que eu fago, e faraas meirandes aínda, pois estou para irme onda o Pai.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

Monitor/a Nesta semana de Pascua estamos convidados a afondar no grande signo da fe, que para nós, é Cristo fonte de AUGA VIVA:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva (no día de hoxe)

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

No taboleiro da PASCUA

Celebrante A PASCUA NA AUGA VIVA, fonte na que se fartan tantas e tantas sedes.

Coma proposta deste momento facémonos unha pregunta: Que é para min hoxe auga viva?.

Imos dando resposta, e a poucos imos vertendo a auga da botella no recipiente.

Para min hoxe é auga viva cada unha das persoas que está dando unha man e lle fai a compra a algún veciño (verto unha pouquiña de auga no recipiente).

Para min hoxe é auga viva cada unha das persoas que sae á rúa con precaución, e non cala as irresponsabilidades que algunhas outras están a facer (verto auga no recipiente)

Para min hoxe é auga viva cada persoa maior que sentiu e sente medo, pero que non deixa de ofrecer un sorriso

Para min hoxe é auga viva cada persoa que sae da UCI despois de tanta pelexa

...

Monitor/a

(o monitor lee os textos que está no taboleiro que poñemos a seguir, deixando un pequeno silencio entre un e outro, e se alguén quere pode facer algún engadido)

PASCUA NA AUGA VIVA


Signo de Vida



A auga non coñece nin se identifica con ningunha raza, cultura, etnia ou relixión. A auga é algo sagrado, porque é un don do ceo, é un agasallo gratuito, porque sen auga non é posible a vida.



"Señor, dame esa auga: así non terei máis sede."



Temos nas nosas mans a obriga de coidar a natureza facendo un uso responsable e digno da auga.



COMPARTINDO O CREDO PASCUAL

ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante Na celebración da Vixilia Pascual fixemos memoria do noso bautismo. Aquí na casa ante esta auga de vida que nos une en familia, agradecemoslle a Deus os dons cos que El nos agasalla. *(Como xesto mollamos os dedos e santiguámonos como as veces facemos ao entrar na igrexa)*

Enchoupados da AUGA VIVA, dicimos:

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

Agora collemos o recipiente de auga e con el regamos algunha planta que teñamos na casa ou regamos a horta. Isto, si queremos, podemos deixalo para facer ao final da celebración.

Celebrante Nestes días de Pascua, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal, pois son moitas as sedes que ás veces nos xorden no camiño.

Monitor/a

• Renunciades a crevos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

SI, RENUNCIO

• Renunciades a calar diante das inxustizas e das necesidades das persoas e das institucións, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

SI, RENUNCIO

• Renunciades aos criterios e comportamentos materialistas que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida; que poñen o pracer por riba de todo; que procuran o negocio como un valor absoluto, mesmo por enriba das persoas, e que aprecian o ben propio como anteposto ao ben común?

SI, RENUNCIO

Celebrante Deixándonos quecer á beira do LUME da fe, cos ollos postos na LUZ do Resucitado, cos oídos atentos á súa PALABRA, compartimos na AUGA a nosa fe pascual na que fomos bautizados

Monitor/a

Crede en Deus,
Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

SI, CREEMOS

Crede en Xesús Cristo,
o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man resucitándonos para mellorar e medrar no coidado da vida cos demais?

SI, CREEMOS

Crede no Espírito de Deus,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para berrar ante os abusos, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

SI, CREEMOS

Crede na Igrexa,
unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que se senten inxustamente tratados?

SI, CREEMOS

(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

Celebrante *En familia, sentindo viva en Xesús a Palavra de Deus, dirixímoslle a El as nosas voces coas que queremos facernos cribles; dicimos*

Señor da vida, escoita a nosa oración

Monitor/a

1. Señor, queremos rezar por nós, que estamos aquí compartindo, celebrando e vivindo o Evanxeo dende a casa; que o saibamos converter en camiño, verdade e vida para as persoas quen están soas, cansas ou cheas de incertezas, oremos

2. Señor, rezamos por todas as nais. Cando romperon AUGAS déronnos á vida, e nos seus colos, e coas súa bágoas, e co seu ser NAIS, ensináronnos o valor da responsabilidade e da preocupación por todos, oremos

3. Señor, lembramos a todas as persoas que damos vida a esta nosa terra, que sempre nos sentimos orgullosos da nosa fala, da nosa cultura, do noso ser de Galiza, oremos

4. Polos traballadores e traballadoras que nestes días miran o seu futuro con moi pouca esperanza, oremos

5. Polas persoas que teñen responsabilidade no mundo social, para que teñan atrevemento para facelo mellor do que se ten feito ata o día de hoxe, oremos

6. Polos voluntarios e profesionais que tanto ben fan nestes días, son para todos nós unha fonte de vida e alento. Por eles oremos

Celebrante Señor, Ti es fonte de vida. Que saibamos facer as cousas moito mellor do que as fixemos ata esta pandemia. Que o volver á “normalidade” non se quede en volver a ser o de antes, o que nos trouxo ata aquí. Que saibamos facer mellor as cousas, pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente, amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: Con Xesús queremos rezar a oración que El mesmo nos ensinou. El é a fonte da AUGA VIVA, tratemos de rezar agora pensando como soaría cando os nosos pais nos bautizaron.

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: PAZ CONVOSCO son palabras do Resucitado. Acollamos pois esa voz, e contaxiémola a todos, por iso agora lembramos a quen cremos que hoxe está esperando que alguén lle ofrezca un vaso de AUGA fresca.

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: Pola man dos apóstolos a primeira comunidade de discípulos botaba a andar dando testemuño da Resurrección. Reunidos nas casas, escoitaban a palabra de Xesús transmitida polos homes e mulleres que a viviran de primeira man. Que compartamos de verdade hoxe a nosa fe sendo responsables e moi coidadosos cos nosos feitos. Ditosos nós que en familia o podemos facer.

4.- AVISOS E DESPEDIDA


ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Pai santo, acóllesnos coma os teus fillos e fillas, e así o celebraron os nosos pais cando fomos bautizados. Agora, confinados, temos sede de vida, de traballo, de encontro, de bicos e abrazos; axúdanos a non volver ao de antes, ao que nos trouxo ata o que hoxe estamos a vivir; que a volta a “normalidade” sexa unha volta a unha nova vida, máis responsable, máis ecolóxica, máis solidaria, máis e mellor cristiá. Pedímoscho por Cristo noso Señor. Amén.

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA

Todo o mundo fala do que vai facer o día 11 de maio, e como non o fagamos ben imos volver ás andadas.

O día once seguimos confinados, o único que poderemos é achegarnos á casa de algún familiar ou amigo co que non estamos dende fai dous meses, e “nada máis”.

Non é volver ao que facíamos antes, facelo será un erro imperdoable e con unhas consecuencias tremendas.

¡¡Por favor!!, co esforzo que deu chegar a onde estamos, non botemos todo por terra, sexamos, se cabe, máis responsables aínda.

*“**Quédate na casa**”
aínda é CAMIÑO, VERDADE E VIDA
para moitos días.*